


1. COMUNICACIÓN E LINGUAXE

- A **comunicación** é o proceso social que ten por finalidade o intercambio de información.
- A **Teoría da comunicación** estuda os factores que interveñen no proceso comunicativo.
- A comunicación humana establécese preferentemente por medio da linguaxe verbal (oral ou escrita) e complementase con elementos paralingüísticos (a entoación, calidade da voz...) e extralingüísticos (expresións, xestos ...).
- Tipos de comunicación humana segundo o medio de transmisión:
 - Visual: a escritura, sinais circulación, linguaxe xordomudos....
 - Táctil: braille, saúdos coa man, palmadas no lombo...
 - Sonora: a oral, sinais acústicos automobilísticos, chifro árbitros
 - Olfactiva: códigos de perfumería, creación de ambientes de interior ...
 - Gustativa: códigos gastronómicos e enolóxicos (elaboración de viños).

2. A LINGUAXE HUMANA

- A linguaxe verbal é a capacidade que teñen os seres humanos de se comunicaren entre si por medio de signos lingüísticos orais e escritos.
- Esta capacidade maniféstase a través das linguas, que identifican as distintas comunidades culturais.
- Existen outros sistemas de comunicación: música, danza, cine, moda ...
- Mediante a linguaxe estruturamos e manifestamos o noso pensamento.
- A linguaxe verbal é articulada: a partir dun reducido número de unidades mínimas (**fonemas**) combinadas obtéñense unidades que transmiten información (**monemas**); estas combínanse formando construcións cada vez máis complexas (**palabras, frases, cláusulas, oracións, textos...**).
- Transmítese por tradición, muda ao longo da historia e dunha comunidade para outra.

3. ELEMENTOS DO ACTO COMUNICATIVO



O acto comunicativo prodúcese cando un **emisor** envía unha **mensaxe** a través dunha **canle** e usando un sistema de comunicación ou **código** a un **receptor** facendo alusión a un asunto determinado ou **referente** e este a comprende.

4. O CONTORNO DA COMUNICACIÓN

5. RUÍDO E REDUNDANCIA

Para interpretar correctamente a mensaxe hai que ter en conta:

- A **situación** está constituída polo lugar, o momento e os feitos en que se producen. (*Vai bo tempo!* Terá diferente sentido nunha praia, nunha estación de esquí, nunha conversa de agricultores...)
- O **contexto** é o contorno lingüístico, o que se dixo antes e despois. (Vou comer o *menú* do día; despregamos o *menú* de formato).
- Chámase **ruído** ás perturbacións que impidan ou dificulten a comunicación. Pode afectar ao emisor (mala pronuncia, mala letra), receptor (xordeira), canle (mala acústica, mala impresión), mensaxe (ambigüidade, termos específicos), código (descoñecemento de usos ou regras) e referente (falta de información sobre o tema).
- Para contrarestar o ruído introdúcese a **redundancia** (repeticións de palabras, uso de sinónimos...).

6. A INTENCIÓN COMUNICATIVA

A comunicación lingüística pode responder a diversas motivacións. A función fundamental da lingua é a comunicativa e a ela subordínanse os distintos fins do seu uso. Segundo os fins ou obxectivos que lle asignamos ás mensaxes podemos falar de distintas funcións da linguaxe. As tres básicas son:

- **Representativa** ou **referencial**. É a principal e a máis usada. Centra a atención do emisor no referente. Serve para transmitir unha información de maneira obxectiva (informes, documentos, textos científicos).
As Illas Cíes están na ría de Vigo.
- **Expresiva** ou **emotiva**. É eminentemente subxectiva. Serve para manifestar os sentimentos do emisor (conversas, mensaxes, poemas...).
Estou moi emocionada polo recibimento.
- **Apelativa** ou **conativa**. Serve para chamar a atención do interlocutor e influír no seu comportamento. O interese céntrase no receptor. (publicidade, textos doutrinais ...).
Subide as cadeiras antes de marchardes.

Ademais débense considerar outras tres funcións da linguaxe:

- **Fática** ou **de contacto**. Serve para iniciar, manter ou finalizar a comunicación. Úsase para comprobar a operatividade da canle:
Si, si...; ola, ola...; probando.
- **Poética** ou **estética**. Centra a atención na forma da mensaxe. É a función característica da lingua literaria:
A torre da derrota.
- **Metalingüística**. Úsase para falar da propia lingua, do propio código:
A palabra “can” é un substantivo.

Aínda que as funcións da linguaxe se dan combinadas no discurso, pode haber unha que predomina sobre as outras. Daquela, fálase de función dominante e funcións secundarias.

7. OS SIGNOS

Signo é todo aquilo perceptible polos sentidos que representa outra cousa e que un receptor o interpreta. Son signos os sinais de tráfico, o timbre, a sirena dunha ambulancia, as palabras dun idioma, unha bandeira...

O signo lingüístico é unha realidade psíquica con dúas caras: un **significante** (a imaxe acústica) e un **significado** (o concepto). Características:

- Ten un desenvolvemento **linear** no tempo (cadea falada) e no espazo (escrita).
- A relación entre o significante e o significado é **arbitraria**.
- A validez desa relación ten **carácter social** porque pertence á comunidade de falantes, que é a que lexitima os cambios de significado que se producen.
- É articulada xa que se pode segmentar en unidades menores.

Presenta unha **dobre articulación**:

- Monemas (unidades con significado): o-s nen-iñ-o-s xog-a-n
- Fonemas (unidades sen significado):

/o//s//n//e//n//i//ñ//o//s//f//o//g//a//N/

8. LINGUAXE, LINGUA E FALA

- A **linguaxe** é a facultade humana de comunicarse mediante signos lingüísticos orais e escritos
- A **lingua** ou **idioma** é cada unha das manifestacións sociais e concretas da linguaxe nun tempo e nun lugar determinado.
- A lingua é un código, isto é, un sistema de signos interdependentes (fonemas, monemas, palabras...) combinados segundo unha regras. Dentro da lingua distinguimos varios subsistemas ou niveis de análise:

SUBSISTEMA		UNIDADES	
FÓNICO		FONEMAS, SÍLABAS	Sen significado
GRAMATICAL	MORFOLÓXICO	MORFEMAS, LEXEMAS	Con significado
	SINTÁCTICO	FRASES, ORACIÓNS	
LÉXICO		PALABRAS	

- A **fala** é a utilización individual concreta que cada un dos membros da comunidade fai da súa lingua.